

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 6 DE OUTUBRO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE DIEGO CALVO POUSO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Decreto polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña.

##### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Xogo.

##### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Cañiza duns treitos antigos das estradas de titularidade provincial EP-5002 e EP-5102.

##### **CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

- Decreto polo que se regula a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación Galega de Excelencia en Igualdade.

#### **ACORDOS**

##### **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Boimorto para a execución do proxecto de mellora interior e amoblamento do Concello, por un importe total de cento trinta e nove mil novecentos noventa e cinco euros con cinco céntimos (139.995,05€).

##### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Acordo polo que se toma razón do trámite de Información Pública do Proxecto de Decreto polo que se aproba o Catálogo de bens de valor cultural no litoral.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos noventa e cinco mil douscentos noventa e seis euros (695.296,00€) e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2025, por un importe total de cinco millóns setecentos dezanove mil euros (5.719.000,00€), e a realización de pagamento anticipado de ata o 100 % da subvención concedida.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Universidade de Vigo para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2025, por un importe total de catro millóns trescentos corenta e sete mil euros (4.347.000,00€), e a realización de pagamento anticipado de ata o 100 % da subvención concedida.

### **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela, para a aplicación da gratuidade da atención educativa na escola infantil 0-3 Breogán de titularidade desta última. Importe: douscentos trinta e nove mil catrocentos corenta e dous euros (239.442,00€).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se toma razón do inicio de tramitación do Plan estruturante de ordenación do solo empresarial da ampliación do Parque Empresarial do Campiño no concello de Pontevedra.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Galega contra o Narcotráfico para a realización do programa "Adestrar sen pantallas, gañar en saúde", por un importe de vinte e dous mil douscentos euros (22.200,00€).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Sanidade para a adquisición de compromisos de carácter plurianual, e para a concesión de anticipos correspondente a orde pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrència competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas aditivas promovidas por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de dous millóns cincocentos oitenta e oito mil oitocentos sesenta e seis euros con noventa céntimos (2.588.866,90 €).

## CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a realización de pagamentos anticipados ata o 80 % da subvención concedida e a exención de constituír garantía para os pagamentos anticipados no convenio de colaboración entre a Axencia Galega das Industrias Culturais e a Asociación Culturgal para o desenvolvemento da décimo oitava edición da Feira das Industrias Culturais de Galicia-Culturgal 2025, por un importe total de noventa mil euros (90.000,00€).

## CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a concesión, pola Consellería do Mar, dunha axuda por importe de vinte e cinco millóns de euros (25.000.000,00 €) a SEAFOOD LEGACY SPAIN SLU, para a execución do proxecto de Construción da granxa mariña Seafood Burela ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024.
- Acordo polo que se autoriza a concesión, pola Consellería do Mar, dunha axuda económica por importe de trece millóns douscentos noventa e cinco mil cincocentos oitenta e cinco euros con oitenta e un céntimos (13.295.585,81€) a STOLT SEA FARM S.A., para a execución de oito proxectos ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024.
- Acordo polo que se autoriza a concesión, pola Consellería do Mar, dunha axuda por importe de catro millóns novecentos sesenta e sete mil cincocentos doce euros con trinta e cinco céntimos (4.967.512,35 €) a AQUACRIA AROUSA SL, para a execución do proxecto de Modernización granxa mariña Aquacría Arousa, S.L.: nova planta de cultivo en circuíto pechado (RAS) de linguado ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2024.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### INFORMES

#### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

- Informe sobre as augas subterráneas, unha alternativa estratéxica para Galicia Costa.

#### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre as alegacións presentadas, no trámite de audiencia, ao anteproxecto de Lei orgánica de medidas excepcionais de sustentabilidade financeira para as Comunidades Autónomas de réxime común.
- Informe de execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en Galicia. 3º trimestre de 2025.

#### **CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Informe sobre a próxima información pública do proxecto: senda na PO-352. A Guarda-Camposancos, cun orzamento base de licitación, IVE incluído, dun millón douscentos noventa mil seis centos corenta e tres euros con cincuenta e sete céntimos (1.290.643,57 €).

#### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Sanidade, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de actividades de investigación para a detección de consumo substancias psicoactivas mediante a análise de augas residuais.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS NOVOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Dáse o visto e praxe ao decreto polo que a UDC adapta as súas normas á Lei orgánica do sistema universitario

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que a Universidade da Coruña (UDC) reforma os seus estatutos, tras seren remitidos á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP e pasaren o control de legalidade da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. Desta forma, cúmprese co trámite necesario para a publicación no *Diario Oficial de Galicia* do novo articulado, que foi aprobado en sesión extraordinaria polo Claustro Universitario o pasado 12 de maio de 2025.

O novo texto adapta a normativa da UDC aos preceptos da Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), no prazo de tres anos establecido por esta. Os estatutos foron aprobados por maioría absoluta con 170 votos a favor, dous en contra, cinco en branco e un nulo.

As novas normas entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación do *Diario Oficial de Galicia*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA TERÁ UN OBSERVATORIO DO XOGO ENCARGADO DO ESTUDO, AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DAS POLÍTICAS NESTE SECTOR**

- Calvo salienta que o obxectivo é “garantir un modelo de xogo seguro e responsable”
- O ente proporcionará datos obxectivos e contrastables, que permitirán adaptar as políticas públicas ás necesidades sociais
- A creación do Observatorio está recollida na Lei reguladora dos xogos de Galicia que situou á comunidade “á vangarda” lexislativa en España, cunha norma que agora “serve de modelo a outras autonomías”

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que o Consello aprobou na súa reunión semanal o decreto que regula a creación do Observatorio Galego do Xogo. “Trátase dun organismo que estudará, avaliará e fará un seguimento do sector na comunidade para garantir un modelo de xogo seguro e responsable”, indicou.

A creación deste Observatorio está recollida na Lei reguladora dos xogos de Galicia de 2023 coa que, tal e como resaltou Calvo, “Galicia situouse á vangarda de España” á hora de lexislar este sector cunha lei que agora “serve de modelo a outras comunidades que están actualizando” a súa normativa.

O futuro Observatorio ofrecerá datos obxectivos e contrastables sobre o xogo para adaptar as políticas públicas ás necesidades sociais. As principais funcións deste órgano serán, ademais de realizar propostas e recomendacións acerca de normas e políticas públicas, promover campañas de sensibilización e prevención de xogo responsable e seguro, así como en materia de igualdade de xénero neste ámbito. Tamén coñecer, analizar e difundir información acerca da situación do xogo en Galicia.

O Observatorio poderá tamén promover a produción de material documental de interese sobre as materias propias das súas funcións e facer un seguimento da normativa de xogo en materia de publicidade, así como fomentar o coñecemento e o intercambio de información con outras institucións a nivel nacional e internacional relacionadas co sector do xogo.

Para levar a cabo os seus cometidos, o Observatorio contará cun pleno composto por unha presidencia e varias vogalías nas que, respectando o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, estarán representadas as consellerías con competencias en materia de seguridade e coordinación, sanidade, xuventude, educación, deportes e facenda, así como unha persoa representante de cada unha das tres universidades galegas, unha representación dos sectores do xogo, outra das asociacións de loita contra adiccións nesta materia e tamén unha persoa das asociacións de nais e pais galegas.

#### **Unha lei garantista e á vangarda**

Calvo salientou que o Goberno galego quere garantir que o xogo sexa unha actividade “responsable e con garantías”. De aí que a actual Lei do xogo de Galicia poña por diante

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a prevención e a protección dos usuarios, con especial atención aos menores e aos colectivos máis vulnerables.

A lei prohibe, entre outras cousas, a concesión de créditos ás persoas usuarias dos xogos, de bonificacións e partidas gratuítas; veta a publicidade dos xogos de competencia autonómica na radio e na televisión de Galicia, cun réxime moi estrito en relación á promoción, propaganda, patrocinio e publicidade destas actividades, así como á publicidade na vía pública e medios de transporte.

A normativa recolle tamén o deber de que todos os establecementos teñan un control de acceso que impida a entrada de menores e das persoas inscritas no Rexistro de Prohibidos. E duplica a distancia á que terán que situarse os establecementos de xogo en relación aos centros oficiais de ensino regrado a menores de idade, e centros oficiais de rehabilitación de persoas xogadoras patolóxicas.

Así mesmo, a lei fixa un límite máximo de establecementos e establece un concurso público para poder acceder ás novas autorizacións de instalacións. E, en relación ás máquinas de xogo, recolle tamén medidas de prevención dirixidas a planificar e limitar o xogo en comecartos e apostas, limitando a dúas o número de máquinas que poden instalarse nos locais de restauración e ocio.

A creación do Observatorio Galego do Xogo é un chanzo máis no obxectivo do Goberno galego de garantir un modelo de xogo responsable que permita conxugar unha actividade regrada e normativizada coa protección dos colectivos máis vulnerables.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA CAÑIZA DE ANTIGOS TREITOS DE DÚAS ESTRADAS PROVINCIAIS INTEGRADAS NO MUNICIPIO**

- Transfírense á Administración local un treito antigo da EP-5002: A Cañiza-Mourentán; e outro treito antigo na EP-5102: A Lamosa-A Franqueira-As Achas
- A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten entre as súas funcións a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais
- Co cambio de titularidade o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e o seu mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico terá efecto desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Cañiza de dous treitos antigos das estrada provincias EP-5002 e EP-5102, integradas no municipio.

Trátase, concretamente, do treito antigo de 330 metros de lonxitude situado na marxe dereita do punto quilométrico 1+440 da EP-5002: A Cañiza-Mourentán; e do treito antigo de 151 metros de lonxitude situado na marxe esquerda do quilómetro 16+040 da EP-5102: A Lamosa-A Franqueira-As Achas.

O Concello da Cañiza e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio no que estableceron a obriga da entidade municipal de solicitar a transferencia de titularidade destes viarios.

A Axencia Galega de Infraestruturas, vistos os informes emitidos polos servizos competentes, formulou a proposta favorable ao cambio de titularidade destes treitos antigos das estradas provinciais EP-5002 e EP-5102.

A transferencia destes treitos a prol do Concello da Cañiza tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da comunidade autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello da Cañiza terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas provinciais EP-5002 e EP-5102 e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plano dos treitos das vías provinciais obxecto do cambio de titularidade autorizado hoxe:

Treito antigo da EP-5002, A Cañiza-Mourentán:



Treito antigo da EP-5102, A Lamosa-A Franqueira-As Achas:



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A CERTIFICACIÓN GALEGA DE EXCELENCIA EN IGUALDADE EN EMPRESAS E ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR

- O Consello deu hoxe luz verde a este texto co que avanza no desenvolvemento regulamentario deste distintivo recollido na Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia e que recoñecerá a aplicación das políticas de equidade no traballo
- Con este desenvolvemento normativo crearase e regularase o Rexistro das empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
- Entre os requisitos que establece para a obtención do distintivo están ter un plan de igualdade negociado e rexistrado e ter implantadas, como mínimo, o 25 % das súas medidas, así como a aplicación de criterios igualitarios de retribución
- A Certificación de Excelencia en Igualdade poderá solicitarse cando entre en vigor a futura orde que determinará a puntuación mínima que se debe acadar e o método de valoración e ponderación dos criterios de igualdade que estable o decreto
- Esta medida enmárcase no compromiso do Executivo autonómico a prol da igualdade laboral entre mulleres e homes que abarca outras estratéxicas como os apoios para impulsar a presenza de mulleres en sectores tradicionalmente masculinizados

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao Decreto que regula a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade e o Rexistro de empresas e entidades do terceiro sector -estas últimas, organizacións privadas sen ánimo de lucro- recoñecidas con este distintivo. Deste xeito, avanza no desenvolvemento regulamentario deste distintivo recollido na Lei 7/2023, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia. Este certificado recoñecerá aquelas empresas ou entidades do terceiro sector que destaquen na aplicación das políticas de igualdade para a equiparación laboral entre mulleres e homes.

Neste sentido, o decreto, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*, establece que a certificación terá unha vixencia de catro anos contados a partir da data na que se dite a resolución de concesión. Nel tamén figuran os requisitos, as condicións e os criterios de igualdade, o procedemento para a obtención e a renovación da Certificación Galega de Excelencia por parte das empresas e entidades do terceiro sector, así como os dereitos e as obrigas derivados da concesión deste distintivo por parte da Xunta.

Ademais, con este desenvolvemento normativo crearase e regularase o Rexistro das empresas e entidades do terceiro sector recoñecidas coa Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, adscrito á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración. Serán obxecto de inscrición as concesións iniciais do distintivo, as súas renovacións así como a súa perda e suspensión.

#### Detalles sobre a certificación

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto aos requisitos para obter a Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, o decreto establece, entre outros, que as entidades solicitantes contén cun mínimo de 6 persoas traballadoras en Galicia, cun plan de igualdade negociado e rexistrado no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo e ter implantadas, como mínimo, o 25 % das medidas programadas no plan, así como acreditar unha presenza equilibrada de mulleres e homes no consello de administración.

Ademais, requirirase unha formación mínima de oito horas en igualdade laboral para as persoas que representan a empresa na comisión negociadora e na comisión de seguimento do plan e a implantación de medidas que garantan a aplicación de criterios igualitarios de retribución e unha adecuada valoración de postos de traballo.

Entre os dereitos que implicará posuír este distintivo destaca a vantaxe na valoración para a obtención de subvencións, así como no ámbito da contratación pública, no que poderá ser un criterio de desempate entre dúas ou máis ofertas cando así o establezan os pregos. A maiores, o texto sinala que a concesión desta certificación será compatible co outorgamento doutros distintivos concedidos por outras administracións públicas.

A puntuación mínima que deben acadar as empresas e entidades e o método de valoración e ponderación dos criterios de igualdade que establece este decreto determinaranse nunha futura orde. Neste sentido, o prazo de presentación de solicitudes para a obtención da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade abrirase cando entre en vigor esta orde.

### **Compromiso coa igualdade laboral**

Este decreto enmárcase no compromiso do Goberno galego coa igualdade laboral entre mulleres e homes, que abarca outras medidas estratéxicas dentro das súas políticas de emprego. Entre elas destaca o Galicia Emprega, que, na convocatoria de 2025, destina 1,7 millóns a impulsar a presenza de mulleres en sectores tradicionalmente masculinizados e 7 millóns de euros a promover a contratación de mulleres ou a formación en habilidades técnicas e de liderado dirixidas a mulleres directivas da economía social.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA COLABORA NA MELLORA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE BOIMORTO CUNHA ACHEGA DE 120.000 €

- O Consello da Xunta aproba o convenio de colaboración, a través do que o Goberno galego achegará máis do 80 % do investimento total, estimado en 140.000 euros
- Actuarase no ximnasio municipal coa renovación das carpintarías, dos revestimentos interiores e do equipamento, ademais da creación de vestiarios accesibles

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración entre a Xunta e o Concello de Boimorto para a mellora das instalacións deportivas municipais cunha achega de 120.000 euros, 45.000 euros en 2025 e 75.000 euros en 2026. Concretamente, actuarase no ximnasio con reformas que representan un custo estimado de 140.000 euros, dos que o Concello abonará 20.000 euros, un 50 % neste exercicio e outro 50 % no que vén.

Así, substituiranse as carpintarías na planta baixa da fachada principal por outras con rotura de ponte térmica, actualizaranse todas as instalacións e renovaranse os revestimentos interiores, o falso teito e o pavimento deportivo, ademais do equipamento interior con diferentes máquinas. A maiores, crearanse novos vestiarios por xénero e accesibles.

A medida enmárcase no compromiso da Xunta coas entidades locais e na aposta polo fomento dunha vida activa e saudable entre a poboación. De feito, o ximnasio municipal é un servizo básico de apoio ao benestar, ao facilitar o acceso á práctica regular da actividade física. Segundo o convenio, a mellora das instalacións permitirá ofrecer programas adaptados a diferentes colectivos, garantindo a accesibilidade universal e a igualdade de oportunidades.

Ademais, o ximnasio constitúe un axente social dinámico, ao ser un espazo de convivencia interxeracional e intercultural, así como un espazo educativo no que a poboación adquire hábitos de vida saudables e valores asociados ao esforzo, á disciplina, á cooperación e ao respecto.

A Xunta está a impulsar a mellora de instalacións deportivas de titularidade municipal, tanto a través de convenios de colaboracións como das liñas específicas de apoio ás entidades locais, co que se busca facilitar a prestación de servizos municipais de calidade á veciñanza con independencia do seu lugar de residencia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IDENTIFICA 1.582 BENS DE VALOR CULTURAL NA COSTA GALEGA DOS QUE MÁIS DA METADE PODERÍAN TER UN NOVO USO COMPATIBLE COA SÚA CONSERVACIÓN**

- O Consello acorda someter ao trámite de información pública durante un mes o decreto polo que se aprobará o novo Catálogo de bens de valor cultural do litoral
- Por provincias, A Coruña concentra algo máis da metade, con 819 construcións catalogadas, seguida de Pontevedra, con 641, e de Lugo, con 122
- Un total de 867 elementos, entre os que hai faros, muíños, antigas fábricas de salgadura e outros edificios de carácter industrial, serían susceptibles de rehabilitarse para cumpriren unha finalidade distinta da que tiñan orixinalmente
- A partir dun inventario inicial de 459 edificacións, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático coa colaboración da de Cultura, Lingua e Xuventude actualizou e completou a información cun exhaustivo traballo de campo nos 86 concellos litorais
- Grazas a este instrumento específico de identificación darase un salto cualitativo na xestión do patrimonio costeiro, xa que impulsará a rehabilitación e a posta en valor de bens cun valor arquitectónico, histórico e cultural para darlles unha segunda vida

A Xunta someterá nas próximas semanas a información pública o novo Catálogo de bens de valor cultural do litoral, un instrumento previsto na Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga) e que identifica 1.582 elementos de valor cultural, arquitectónico e etnográfico ao longo de toda a costa galega, dos cales máis da metade poderían ter novos usos a futuro compatibles coa súa conservación e protección.

O Consello acordou hoxe dar este paso para seguir avanzando na tramitación do decreto de creación do catálogo, que é froito da colaboración e do traballo conxunto desenvolvido desde o pasado verán entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Dos case 1.600 bens catalogados no litoral galego e en función das tipoloxías previstas na Lei do patrimonio cultural de Galicia, a meirande parte (677) aparecen clasificados como de tipo arquitectónico; 390 son arqueolóxicos; 313 son etnográficos; 190 encaixan na categoría industrial; e 12 cualifícanse como artísticos. Por provincias, destaca o litoral da Coruña, que concentra un total de 819 dos bens de valor cultural identificados na costa, seguida de Pontevedra, con 641, e por último de Lugo, con 122 bens de valor cultural incluídos no catálogo.

Neste sentido, cómpre destacar que todas aquelas edificacións pertencentes ás categorías arquitectónica e industrial —un total de 867, segundo consta no documento que se someterá a información pública— serían susceptibles de solicitar un cambio de uso respecto daquel para o que foron concibidas orixinalmente.

Aínda que non se materialice en todos os casos, esta vía abre novas posibilidades para a recuperación dalgúns destes bens —entre os que hai faros, muíños, antigas fábricas de salgadura e outros edificios de carácter industrial— mediante a execución de proxectos que sexan compatibles e garantan a conservación dos valores patrimoniais, culturais ou

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

históricos que lle valeron a súa catalogación. Ademais, este tipo de iniciativas tamén poden contribuír ao desenvolvemento sustentable da costa e con el, á súa revitalización.

En todo caso, a prioridade será a protección do patrimonio cultural e a posta en valor destes elementos. Neste sentido, o catálogo inclúe bens localizados no litoral, que son representativos do patrimonio costeiro galego e cuxa relevancia xustifica, precisamente, a súa incorporación a este.

De feito, a inclusión dunha edificación ou elemento no Catálogo de bens de valor cultural do litoral de Galicia ten efectos xurídicos, sendo o máis relevante que para calquera actuación ou intervención sobre estes se aplicará de forma preferente a normativa de patrimonio cultural fronte á normativa de costas.

Desta forma refórzase a seguridade xurídica das intervencións dirixidas á conservación, rehabilitación ou posta en valor dos bens localizados na costa e posibilitase a súa adaptación a novos usos compatibles, sen eximir os seus promotores, en todo caso, da obtención dos títulos habilitantes necesarios, nin das autorizacións ou concesións que correspondan segundo a normativa sectorial vixente.

En canto ás intervencións permitidas nos bens catalogados, estas deberán axustarse ao nivel de protección que corresponda en cada caso —que pode ser máis ou menos estrito conforme a normativa do patrimonio cultural de Galicia— e inclúen as ampliacións en planta, con carácter complementario a unha actuación de rehabilitación, en volumes diferenciados e sempre que resulten imprescindibles para desenvolver o uso proposto.

Así mesmo, non se considerará aumento de volume a reconstrución destinada a completar un estado previo dos bens que estean actualmente en ruínas utilizando partes orixinais deles cuxa autenticidade e posición orixinal se poidan acreditar.

Por outra banda, os concellos nos que se localicen bens incluídos no catálogo deberán incorporalos ao seu planeamento urbanístico e establecer as determinacións específicas que correspondan para o seu réxime de protección, conservación e uso.

### **Traballo exhaustivo nos 86 concellos costeiros**

Cómpre lembrar que a elaboración do Catálogo de bens de valor cultural é unha das primeiras medidas impulsadas pola Xunta en aplicación da Loxilga, que define dentro das actuacións estratéxicas para o desenvolvemento sustentable da nosa costa aquelas intervencións destinadas a poñer en valor o patrimonio cultural existente a pé de mar.

Con tal fin e como punto de partida tomouse un inventario realizado polo Goberno galego no ano 2019 e no que se recollían 459 bens, elementos etnográficos e edificacións de carácter público e privado (muíños, antigas salazóns, conserveiras...) dos que se tiña unicamente información moi básica.

A partir de aí e grazas a un exhaustivo traballo de campo realizado este verán nos 86 concellos costeiros de Galicia, o inventario inicial foi ampliado e enriquecido, tanto cuantitativa como cualitativamente, dando lugar a un catálogo novo que, sempre desde

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

a perspectiva da Loxilga, permitirá avanzar no desenvolvemento de actuacións estratéxicas para promover a protección e posta en valor dos elementos seleccionados.

De feito, grazas a este instrumento específico de identificación, darase un salto cualitativo na xestión do patrimonio costeiro, xa que impulsará a rehabilitación e posta en valor de bens cun valor arquitectónico, histórico, cultural ou industrial ligados ao mar para darlles unha segunda vida.

O obxectivo, en definitiva, é dignificar este patrimonio litoral, de enorme valor e distintivo de Galicia, e que no catálogo definitivo (unha vez superada a fase de información pública, analizadas as posibles achegas e suxestións e aprobado o decreto correspondente) se identifiquen todos os bens escollidos polo seu interese e relevancia, con indicación da área do litoral na que se atopan, a xustificación da súa incorporación e a concreción dos seus posibles usos, tanto os orixinais como os futuros compatibles en caso de que se interveña sobre eles, quedando garantido que non se poñan en perigo os valores que aconsellaron a súa catalogación.

De feito, cada un dos 1.582 elementos incluídos no catálogo están xeorreferenciados, documentados con imaxes ou representacións gráficas que facilitan a súa identificación, análise e xestión posterior e acompañados de información detallada sobre cada ben. Todos estes datos preséntanse a través das correspondentes fichas, de forma individualizada ou agrupada segundo o caso. Ademais, ao tratarse dun catálogo dixitalizado, tamén ofrecerá múltiples posibilidades de consulta e filtrado.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINARÁ PRETO DE 700.000 € Á FEGAMP PARA REALIZAR A LIMPEZA DE 34 CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS

O acordo beneficiará 12 concellos da provincia da Coruña, oito da de Lugo, sete da de Ourense e sete da de Pontevedra con centros que integran Infantil, Primaria e ESO

A Xunta de Galicia transferirá 695.296€ á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), un 5,5 % máis ca o ano pasado, para cubrir os gastos de limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) situados en concellos de toda Galicia, unha tipoloxía de colexios situados no rural onde o alumnado pode cursar as etapas de Infantil, Primaria e ESO.

O Consello da Xunta autorizou a renovación do convenio que materializa a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a FEGAMP para que esta entidade municipal xestione este servizo coa achega económica da Administración autonómica.

O propósito desta medida é reforzar a cooperación entre institucións e garantir unha prestación eficaz e sustentable dos servizos públicos, evitando duplicidades e favorecendo un uso responsable dos recursos.

A limpeza dos centros das etapas de Infantil e Primaria é competencia municipal, mentres que o resto de etapas de ensino non universitario son responsabilidade da Xunta de Galicia. Nesta tipoloxía especial de centros, os chamados CPI, que combinan Infantil e Primaria con ESO, este convenio artella o xeito de proceder.

#### Centros beneficiados

Na provincia da Coruña son 12 os centros educativos: o CPI Cruz de Sar (Bergondo), Antonio Orza Couto (Boqueixón), Vicente Otero Valcárcel (Carral), O Cruce (Cerceda), Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro), A Xunqueira (Fene), da Picota (Mazaricos), de Xanceda (Mesía), Virxe da Cella (Monferró), dos Dices (Rois), de Bembibre (Val do Dubra) e de Vedra (Vedra).

Os oito de centros de Lugo son o CPI Luis Díaz Moreno (Baralla), de Castroverde (Castroverde), de Cervantes (Cervantes), Virxe do Monte (Cospeito), de Seoane (Folgoso do Courel), Tino Grandío (Guntín), Uxío Novoneyra (Pedrafita do Cebreiro) e San Tomé de Carballo (Taboada).

En Ourense son sete entre os que están CPI Tomás Terrón Mendaña (Carballeda de Valdeorras), Virxe dos Remedios (Castro Caldelas), Antonio Failde (Coles), Laureano Prieto (A Gudiña), de Maside (Maside), de Padrenda-Crespos (Padrenda) e Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea).

Por último, en Pontevedra son tamén sete, o CPI da Cañiza (A Cañiza), Curros Enríquez (Pazos de Borbén), de Pontecesures (Pontecesures), Domingo Fontán (Portas), Julia Becerra Malvar (Ribadumia), Manuel Suárez Marquier (O Rosal) e do Toural (Vilaboa).

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INXECTA OUTROS 7,2 M€ ÁS UNIVERSIDADES DE SANTIAGO E VIGO PARA SEGUIR AVANZANDO NA RENOVACIÓN DOS SEUS EDIFICIOS A TRAVÉS DO PLAN DE INFRAESTRUTURAS

- Calvo salienta que a achega céntranse nas obras de construción da nova Facultade de Farmacia da capital de Galicia e do Edificio de Aeroespacial en Ourense
- Tamén se rehabilitará o Edificio Siemens da ETEA para convertelo no Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo
- Sinala que estas achegas enmárcanse no Plan de infraestruturas universitarias aprobado en 2023, dotado de 40 M€ e coa previsión de mobilizar 100 M€ ata 2026
- Este plan súmase ás contías que o Goberno galego achega ás tres universidades a través do Plan de financiamento 2022-2026

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, informou hoxe de que o Consello acordou inxectar outros 7,2 millóns de euros ás universidades de Santiago de Compostela e Vigo para “avanzar na renovación e na modernización dos seus edificios” ao abeiro do Plan de infraestruturas universitarias aprobado no 2023.

Tal e como explicou Calvo, o Plan está dotado de 40 millóns de euros e prevé mobilizar “100 millóns ata 2026”. Este investimento súmase, como unha cantidade adicional, ao Plan galego de financiamento universitario 2022-2026. Engádese, ademais, ao convenio asinado en 2021, por importe de 4,5M€, para a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas universitarias, como anticipo a este Plan de infraestruturas.

O obxectivo desta nova liña de actuación é seguir avanzando na consolidación da excelencia e calidade do Sistema Universitario de Galicia, a través de melloras nas infraestruturas dos sete campus, tanto rehabilitacións como construción de novos edificios modernos para facultades e centros de investigación adaptados aos retos de futuro.

#### **Máis de 12 M€ xa en marcha na USC**

No caso da Universidade de Santiago, o conselleiro salientou que a Xunta realizará unha achega de “case 4,1 M€ este ano que irán en exclusiva para a construción dunha nova facultade de Farmacia”. Situarase dentro da nova Cidade da Saúde da USC, un conxunto de edificios que acollerá tanto esta facultade como a de Enfermería, un centro de investigación na área de Ciencias da Saúde e un aparcadoiro.

A estrutura do complexo será modular e flexible, con espazos dedicados a aulario, biblioteca, área de goberno de ambas as facultades, espazos para a administración e os servizos auxiliares, laboratorios de prácticas e áreas de investigación, non segmentadas por centro senón por uso. Será tamén dun edificio enerxeticamente eficiente, cunha baixa demanda e con produción propia de enerxía mediante fontes renovables.

Con cargo a este plan, a Universidade de Santiago de Compostela acometeu xa obras de mellora na Facultade de Medicina e de rehabilitación na Facultade de Química. En concreto, recibiu xa 4,085M€ en 2023 e outro tanto en 2024, polo que o investimento en

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

marcha nesta universidade co convenio de 2025 supera xa os 12M€. O total da achega a esta universidade, de máis de 16,3M€, completárase en 2026 cunha nova anualidade do mesmo importe das mencionadas.

### **Actuacións da UVigo por máis de 9,3M€**

Pola súa banda, Calvo explicou que a Universidade de Vigo destina a achega deste ano, de máis de 3,1 M€, a dous proxectos: avanzar na construción da Escola de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo, no Campus de Ourense, e á rehabilitación do edificio Siemens na ETEA de Vigo.

No primeiro caso, o edificio contará con máis de 6.500m<sup>2</sup> dedicados a aulas, laboratorios punteiros e incubadoras de proxectos, ademais de zonas para administración e servizos.

Esta dotación vén reforzar a especialización e identidade científica do Campus da Auga, acreditado como campus especializado pola Xunta.

Ademais, a UVigo vai rehabilitar o edificio Siemens na ETEA para convertelo no Centro de Investigación Mariña (CIM). Precisamente a Xunta vén de ceder á Universidade deste espazo por un período máximo de 75 anos para poder avanzar neste proxecto.

O obxectivo fundamental do centro é contribuír á conservación e ao uso sustentable dos océanos, mares e recursos mariños a través da xeración e transferencia de coñecemento baseado na ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Con este novo convenio, o conselleiro salientou que "a achega á UVigo elévase xa aos 9,3M€" no marco deste plan. Ao abeiro dos convenios de 2023 e 2024, de 3,1M€ cada ano, a UVigo comezou as obras do devandito novo edificio da Escola de Enxeñería Aeronáutica e do Espazo en Ourense. A achega completárase en 2026 cunha nova anualidade do mesmo importe, ata sumar un total de máis de 12,4M€.

### **Situación dos convenios da UDC**

No caso da Universidade da Coruña, os 2,81M€ do convenio de 2023 foron autorizados excepcionalmente para gastos correntes por petición da propia institución. A partida de 2024, polo mesmo importe, non foi executada por parte da UDC e está pendente de resolución, mentres que o convenio de 2025 non comezou aínda a súa tramitación.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA FINANCIA, UN CURSO MÁIS, A GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA NA ESCOLA INFANTIL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Destínanse preto de 240.000 euros a dar continuidade a esta medida, que beneficiará ás familias das máis de 80 nenas e nenos que acoden diariamente a este centro

O Consello da Xunta desta mañá autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para financiar a gratuidade da atención educativa para todos os nenos e as nenas da escola infantil Breogán no presente curso 2025-2026. Este é o quinto ano que se asina este acordo con este centro que xestiona directamente a USC e a contía deste é de case 240.000 euros.

Ademais, este é o terceiro curso no que a escola infantil Breogán está aberta a todas as familias en xeral, deixando de estar limitada a aquelas que tiñan relación laboral coa universidade compostelá. Este centro conta este curso con 82 prazas e seis unidades autorizadas. Ao igual que o resto de escolas de 0 a 3 anos de Galicia –sexan de titularidade pública, de iniciativa social ou privadas– ofrece atención educativa de balde un máximo de oito horas diarias e once meses ao ano.

O programa da gratuidade da Xunta púxose en marcha en 2020 con carácter pioneiro en toda España, situando Galicia como un referente. Con ela, mellórase o apoio ás familias galegas facilitando a conciliación da vida laboral e familiar ao tempo que se asentan os alicerces da educación e a formación dos nenos e nenas.

Na actualidade, a nosa comunidade lidera a taxa de escolarización, situándose preto do 65 %, 15 máis que a media nacional.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DA AMPLIACIÓN DO PARQUE EMPRESARIAL DO CAMPIÑO EN PONTEVEDRA, QUE INCREMENTARÁ A SÚA CAPACIDADE NUN 46 %

O Goberno galego ten en marcha a creación de 624.000 m<sup>2</sup> de solo empresarial na comarca pontevedresa, que ascende a case tres millóns no conxunto da provincia

O Consello da Xunta tomou razón na reunión celebrada hoxe do inicio de tramitación do *Plan estruturante de ordenación de solo empresarial (Peose)* da ampliación do parque empresarial do Campiño, no concello de Pontevedra. Unha actuación que permitirá incrementar en 160.044 metros cadrados a superficie actual, un 46 % máis, cun investimento previsto de 11,6 millóns de euros.

O proxecto de ampliación deste parque, promovido pola sociedade *Xestión do Solo de Galicia (Xestur)*, está previsto no *Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia (Psoaeg)* e busca dotar de máis solo empresarial para atender as demandas dos emprendedores da comarca de Pontevedra, xa que o polígono actual (343.291 m<sup>2</sup>) non ten superficie dispoñible.

Co inicio da tramitación, o *Peose* someterase á avaliación ambiental estratéxica, que deberá emitir un informe preceptivo no prazo de tres meses para a súa aprobación inicial, que se levará a cabo no primeiro trimestre de 2026.

A Xunta de Galicia ten en marcha diversos proxectos para ampliar o solo industrial na bisbarra de Pontevedra que suporán incrementar en 624.854 m<sup>2</sup> a superficie empresarial dispoñible. Ademais desta actuación, está en fase de tramitación o proxecto de reurbanización da Central de Transportes e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas, cunha superficie de 86.963 m<sup>2</sup>, que é lindeiro con parque do Campiño e co parque da Reigosa (Ponte Caldelas). Tamén está en fase de inicio de tramitación o *Peose* do parque empresarial de Fragamoreira (Poio), con 373.415 m<sup>2</sup>.

No conxunto da provincia de Pontevedra están actualmente en curso os expedientes dos *Peose* dos parques empresariais de Toedo (A Estrada), o parque empresarial de Louredo (Mos-Redondela), a ampliación do parque empresarial do Pousadoiro (Vilagarcía de Arousa) e a ampliación da MI da PLISAN (Salvaterra-As Neves). En conxunto, estas actuacións suman case tres millóns de metros cadrados de solo empresarial na provincia de Pontevedra, que nos vindeiros anos se porá á disposición das empresas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INVESTIRÁ 22.000 € NO PROGRAMA PILOTO ADESTRAR SEN PANTALLAS, GAÑAR EN SAÚDE, PARA FOMENTAR O USO RESPONSABLE DAS TECNOLOXÍAS ENTRE OS MENORES**

- O Goberno galego autoriza a colaboración entre as Consellerías de Presidencia e de Sanidade e a Fundación galega contra o Narcotráfico, co obxectivo de sensibilizar as familias, os nenos e a sociedade sobre os riscos dun uso abusivo das pantallas
- A través deste convenio apoiaranse os adestradores e monitores deportivos con formación e materiais específicos, ademais de previr adicións emerxentes como o uso compulsivo da internet, as redes sociais ou os videoxogos
- Esta iniciativa, que se desenvolverá como proxecto piloto e terá un ano de duración, levarase a cabo nos concellos da Estrada, Vilagarcía de Arousa, Cambados e Ribeira
- Traballarase no ámbito de tres deportes: o fútbol, o baloncesto e a ximnasia, que poderán variar en función daqueles máis practicados en cada localidade, sempre tendo como referente o enfoque de xénero
- Estímase que arredor de 500 mozos de 12-13 anos que practican estes deportes se beneficiarán de xeito directo desta medida
- Esta iniciativa complementa outras accións do Executivo galego, como o Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas aditivas, agora mesmo en tramitación parlamentaria

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Sanidade e a Fundación galega contra o Narcotráfico, para a realización do programa *Adestrar sen pantallas, gañar en saúde*, unha iniciativa para fomentar o uso responsable das tecnoloxías entre os menores e promover a actividade física como alternativa saudable á que o Executivo galego destinará 22.000 euros.

Tal e como se recolle no convenio autorizado hoxe, o obxectivo é sensibilizar as familias, os nenos e a sociedade sobre os riscos dun uso abusivo das pantallas.

A través desta colaboración apoiaranse os adestradores e monitores deportivos con formación e materiais específicos, ademais de previr adicións emerxentes como o uso compulsivo da internet, as redes sociais ou os videoxogos, e tamén se potenciarán habilidades sociais, emocionais e físicas por medio do deporte.

Esta iniciativa, promovida pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade, desenvolverase como proxecto piloto en catro concellos: A Estrada, Vilagarcía de Arousa, Cambados e Ribeira, e terá un ano de duración.

Traballarase no ámbito de tres deportes, o fútbol, o baloncesto e a ximnasia, que poderán variar en función daqueles máis practicados en cada localidade, sempre tendo como referente o enfoque de xénero.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego estima que os beneficiarios directos desta medida serán ao redor de 500 mozos de 12-13 anos que practican estes deportes, elevándose o número de beneficiarios indirectos a preto duns 3.000, contando cos familiares e adestradores.

En consecuencia, con este proxecto, a Xunta busca unir esforzos das administracións sanitarias e deportivas, xunto coa sociedade civil (Fundación Galega contra o Narcotráfico), para abordar o reto actual do uso excesivo de pantallas en menores, por medio do deporte como ferramenta para equilibrar hábitos, mellorar a saúde física e mental e reforzar valores sociais.

A Fundación contra o Narcotráfico achegará a súa experiencia en prevención das adicións, apoiada pola Universidade de Santiago de Compostela; a Consellería de Sanidade achegará o financiamento e os coñecementos técnicos; e a Consellería de Presidencia, por medio da súa Secretaría Xeral para o Deporte, promoverá a integración do programa na rede deportiva galega.

Desde o punto de vista científico-técnico, os materiais didácticos e a formación deste programa serán desenvolvidos pola Fundación contra o Narcotráfico, en colaboración co departamento de Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

### **Planificación estratéxica**

Este proxecto piloto enmárcase no conxunto de actividades que o Goberno galego desenvolve no marco da planificación estratéxica sobre a prevención de condutas adictivas, que inclúen tanto actuacións preventivas como medidas lexislativas e de vixilancia.

Así mesmo, complementa outras accións da Xunta como o Proxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das condutas adictivas, agora mesmo en tramitación parlamentaria para a súa aprobación definitiva, e o Plan de prevención de condutas adictivas en Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA CON MÁIS DE 2,5 M€ O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PREVENCIÓN DE CONDUTAS ADITIVAS POR PARTE DOS CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS**

- O Executivo galego autorizou a liña de axudas para axudar as persoas con trastornos aditivos, que incrementa a súa contía nun 3 % con respecto á anterior convocatoria
- O programa de subvencións estenderase ata o ano 2028 e contribuirá a promover o tempo de lecer positivo entre a mocidade e os estilos de vida saudables
- Esta liña de axudas complementa outras accións da Consellería de Sanidade, como o proxecto de Lei de protección da saúde das persoas menores e a prevención das condutas adictivas ou o Plan Inspira Saúde fronte ao tabaquismo

O Consello da Xunta autorizou esta mañá unha nova liña de axudas, dotada cun orzamento de 2.588.866 euros, para apoiar os concellos e as entidades locais no desenvolvemento de programas e actividades de prevención de condutas adictivas.

Co obxectivo de diminuír o impacto sanitario e social dos trastornos aditivos, o Executivo galego incrementará nun 3 % a partida desta liña de axudas, á que poderán concorrer os concellos, as mancomunidades e as agrupacións de concellos.

Este novo programa de subvencións estenderase ata o ano 2028 co fin de permitir desenvolver intervencións sustentadas no tempo, máis eficaces, e para facilitar unha maior estabilidade dos equipos humanos implicados nos proxectos.

A convocatoria incidirá tamén na promoción dos estilos de vida saudables e do tempo de lecer positivo entre a mocidade.

O consumo de substancias e as adiccións representan actualmente un reto sanitario de primeiro nivel. Así, a Xunta colaborará coas entidades locais que desenvolvan actividades vinculadas aos programas inseridos no Plan de Galicia sobre drogas (Saúde na escola, Activa, Máis que un teito, Ao alcance, etc...), aos plans de inspección autonómicos, ou aqueles que actúen como nexo de unión entre as diferentes entidades implicadas no ámbito da prevención (centros educativos, sanitarios, sociais, entidades veciñais, etc.).

Os programas susceptibles de seren subvencionados deberán, entre outros obxectivos, fomentar factores de protección fronte ás adiccións; promover estilos de vida saudables e lecer positivo entre a xuventude; apoiar as familias, educadores e distintos colectivos como axentes de saúde; ou reforzar o traballo en rede entre entidades e institucións.

Esta nova liña de axudas complementa outras accións promovidas pola Xunta como o Proxecto de Lei de protección da saúde das persoas menores e a prevención das condutas adictivas, que está agora mesmo en tramitación parlamentaria; a implementación do Plan Inspira Saúde (2023-27) fronte ao tabaquismo; ou a Rede galega de espazos sen fume.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DE GALICIA INCREMENTA O SEU CONVENIO ANUAL COA FEIRA CULTURGAL ATA OS 90.000 EUROS

- O Consello aproba a colaboración coa asociación homónima para a organización da 18ª edición do encontro, cun incremento do 5,8 % respecto a 2024
- A Administración autonómica é a principal entidade financiadora do evento, que terá lugar do 28 ao 30 de novembro en Pontevedra

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio anual coa Asociación Culturgal por importe de 90.000 euros para a organización da 18ª edición da feira homónima, que terá lugar do 28 ao 30 de novembro no Pazo da Cultura de Pontevedra. Esta achega supón un incremento do 5,8 % respecto dos 85.000 euros consignados en 2024, mantendo así a progresiva tendencia á alza desta colaboración económica en consonancia co propio crecemento do evento.

A Xunta de Galicia repite un ano máis como a principal entidade financiadora desta feira, á que apoia desde as súas orixes e á que tamén contribúe en cada nova edición mediante a organización directa de diferentes actividades tanto no expositor institucional como noutros espazos do recinto.

O compromiso do Goberno galego con este encontro de referencia para a cultura galega responde ao seu papel como o único evento de Galicia aberto a todo o sector e aos seus públicos. Así, a Feira das Culturas Galegas Culturgal funciona como escaparate de difusión dos produtos e servizos culturais cara á cidadanía, pero tamén como oferta cultural e lúdica de concertos, representacións escénicas, proxeccións audiovisuais, sinatura de libros ou coloquios, entre outras actividades.

Ademais, coa posta en marcha en 2023 do Culturgal Expandido, a feira descentraliza as súas actividades nas semanas previas á súa celebración para chegar ao público doutros puntos de Galicia. En 2025, Ribeira toma o testemuño de Arzúa (2024) e Vigo (2023).

Culturgal é o proxecto cultural galego coa rede máis ampla de colaboradores asociativos e empresarias implicados na súa organización, que corre a cargo da Asociación Culturgal. O colectivo, que se atopa en pleno proceso de renovación cara á súa próxima ampliación, está integrado na actualidade pola Asociación Galega de Editoras, Punto.gal, Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet) e EspazoCoop.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **GALICIA IMPULSA A ACUICULTURA COMO SECTOR ECONÓMICO ESTRATÉXICO, CONCEDENDO AXUDAS AO TECIDO EMPRESARIAL POR UN IMPORTE SUPERIOR AOS 59,5M€**

- Calvo salienta o apoio da Xunta a un sector no que Galicia é líder a nivel europeo con “2.600 empresas, 5.600 postos de traballo” e unha facturación de 200 M€ ao ano
- A conselleira do Mar salienta que estas achegas, cofinanciadas polo Fempa, permitirán a construción en Burela da primeira planta de cría de salmón da comunidade e de dous novos criadeiros de linguado en Cervo e Cambados
- Coa posta en marcha destas tres instalacións, dotadas cunha axuda pública de 43,2 M€, crearanse uns 150 novos empregos, o que suporá un forte impacto no desenvolvemento socioeconómico destes territorios

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, destacou hoxe o apoio da Xunta ao sector da acuicultura con “59,5 millóns en axudas para poñer en marcha novos proxectos empresariais ou mellorar a competitividade dos xa existentes”. Deste xeito, Galicia “reforza o apoio ao tecido empresarial marítimo-pesqueiro en aras de aumentar a calidade e o valor engadido dos produtos”, indicou a conselleira do Mar, Marta Villaverde.

O Consello da Xunta deu conta da concesión destas achegas por parte da Consellería do Mar, cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), e a través das que o departamento autonómico aprobará 206 expedientes. Destes, 202 corresponden a investimentos produtivos realizados en empresas acuícolas. Dispoñen dunha axuda pública de 58,8 millóns de euros para un investimento total de 156 millóns. Os catro restantes, e cunha achega pública de 643.53,75 euros, son para actuacións que aumenten a eficiencia enerxética e fomenten a reconversión das empresas acuícolas a fontes de enerxía renovables. O investimento total neste caso ascende a de 1,6M€.

Do total dos beneficiarios, as axudas concedidas, preto do 94 %, están vinculadas coa produción do mexillón (construción ou modernización de bateas e de embarcacións auxiliares) destacando, nesta primeira convocatoria do Fempa, a forte aposta pola acuicultura en terra, en onde os criadeiros, granxas mariñas e piscifactorías continentais realizarán un investimento que se aproxima aos 140 millóns de euros. No marco destas accións, Villaverde salientou que se inclúen “a primeira planta de cría de salmón da comunidade en Burela, e dous novos criadeiros de linguado en Cervo e Cambados”. Tres proxectos aos que a Xunta “achegará 43,2 millóns de euros e que prevén xerar 150 postos de traballo”, salientou Calvo.

#### **Os proxectos, ao detalle**

A futura factoría de salmón que a compañía Seafood Legacy prevé iniciar no municipio da Mariña a finais de ano, e que empregará tecnoloxía RAS (sistema de recirculación da auga), supón un proxecto estratéxico para a diversificación do sector acuícola galego. As instalacións compóranse de dous edificios principais: unha nave de acondicionamento de auga e unha nave de produción. Entre todas ocuparán uns 25.000 metros cadrados, nos que se producirán unhas 3.000 toneladas de salmón. Esta iniciativa, apoiada polo

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Goberno galego con 25 millóns de euros, terá un enorme impacto en materia laboral, pois suporá a creación de ata 100 postos de traballo directos e indirectos.

A segunda das achegas, dotada con 13.295.585 euros, permitirá que Stolt Sea Farm constrúa en Cervo un novo edificio de linguado no que xa se está a levar a cabo o ciclo de nursery, preengorde e engorde. Esta ampliación conleva aumentar a superficie produtiva en 7.156 metros cadrados e unha produción dunhas 400 toneladas anuais. Con este proxecto, xeraranse uns vinte empregos directos.

A terceira das axudas, cifradas en 4.967.512 euros, facilitará que Aquacria Arousa execute o proxecto de modernización e construción dunha nova planta de cultivo en circuito pechado (RAS) de linguado, en Cambados. Esta achega permitirá que dita entidade empresarial duplique a súa capacidade de produción, pasando das 450 toneladas ao ano coas que opera na actualidade ás 900, cando se completen os traballos de construción e modernización planificados, no ano 2027.

Esta intervención engade 7.000 metros cadrados edificadas aos 5.000 que xa están en funcionamento nun recinto que ocupa un total de 38.000m<sup>2</sup>, na parroquia de Castrelo. A posta en marcha deste criadeiro inclúe unha previsión de 25 novos postos de traballo.

Con estes tres proxectos, a Xunta de Galicia fortalece o tecido empresarial galego vinculado á actividade marítimo-pesqueira. Este importante esforzo inversor pon en valor, por tanto, a aposta do Goberno autonómico por un modelo acuícola competitivo e clave na economía azul de Galicia, no senso de asegurar o subministro alimentario e preservar os ecosistemas mariños.

### **A acuicultura, en cifras**

Calvo lembrou que Galicia "é unha potencia a nivel europeo no eido da acuicultura" con "máis de 2.600 empresas" que só no 2024 superaron os 200 millóns de euros de facturación e que xeran "5.600 empregos directos".

"Trátase dun dos motores da economía de Galicia", engadiu a conselleira, quen destacou que a acuicultura é unha actividade que ten un papel clave "na seguridade alimentaria e no desenvolvemento socioeconómico do territorio".

Ademais, esta actividade está chamada a ser un dos principais provedores de alimentos do mundo. Así o indica o informe SOFIA da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e Agricultura, máis coñecida polas súas siglas en inglés FAO, e que sinala que, en 2024, a produción acuícola superou por primeira vez á pesca extractiva a nivel mundial.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA MOBILIZA 1,15 M€ PARA EXPLORAR O POTENCIAL DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS EN GALICIA COMO ALTERNATIVA ESTRATÉXICA DE ABASTECIMENTO EN PERÍODOS CRÍTICOS**

- O Consello analiza un informe sobre o plan de acción deseñado por Augas de Galicia de aquí a 2028 para afondar no coñecemento destas masas e os seus posibles usos
- O cambio climático ou factores como a poboación estacional en zonas costeiras aconsellan poñer o foco nestes recursos, que non abundan tanto na comunidade como as augas superficiais pero poden resultar claves en épocas de escaseza intensa
- Entre as principais liñas de traballo destacan a posta en marcha da Rede dixital de piezometría para coñecer en tempo real os niveis das augas subterráneas e unha alianza coa universidade para elaborar mapas de zonas viables para extraer recursos
- Trabállase xa na mellora da caracterización destes recursos na Demarcación Galicia-Costa e a futuro desenvolveranse proxectos piloto para verificar a viabilidade de facer novas captacións baixo terra como resposta a situacións de seca prolongada

A Xunta está a impulsar unha estratexia ambiciosa a curto e medio prazo para explorar en profundidade o potencial uso das masas de auga subterránea existentes na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa como unha alternativa estratéxica para garantir o abastecemento, especialmente en períodos críticos de seca intensa e prolongada.

O Consello coñeceu esta mañá un informe no que se detalla o plan de acción deseñado por Augas de Galicia para o período 2025-2028 e a través do cal mobilizará un orzamento de 1,15 millóns de euros, co fin de afondar no coñecemento e no seguimento destes recursos para coñecer as posibilidades reais de aproveitamento que ofrecen e poder recorrer a eles puntualmente.

Aínda que as augas subterráneas forman parte esencial do ciclo hidrolóxico, no caso concreto de Galicia-Costa tiveron historicamente un papel secundario fronte ás augas superficiais (encoros, ríos e regatos), que foron e son a fonte principal de abastecemento urbano e rural.

No entanto, nos últimos anos circunstancias como o cambio climático e a previsión de secas cada vez máis longas e habituais fixeron evidente a necesidade de poñer o foco nestes recursos naturais e no seu potencial aproveitamento. De feito, o verán de 2025 en Galicia foi o máis seco desde o ano 1981. Cómpre ter en conta que se rexistrou un déficit de chuvia entre xuño e agosto do 62 %; e, a maiores, acadáronse temperaturas récord -cunha media de 21,1 graos, foi o verán máis cálido da serie histórica-, que contribuíron á evaporación de auga. Asemade, o volume de precipitacións da primeira quincena de setembro non tivo continuidade nas dúas últimas semanas do mes, cun parón nas chuvias que se prolonga en outubro.

A estas circunstancias climatolóxicas engádense outros factores puntuais que tamén aconsellan contar con recursos estratéxicos de apoio, como os picos estacionais de poboación, sobre todo en zonas costeiras e turísticas, co conseguinte aumento dos

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consumos ou posibles situacións de emerxencia e problemas temporais que poidan afectar á calidade da auga.

Neste sentido, en Galicia-Costa —a única das catro demarcacións galegas de competencia autonómica— hai delimitadas 19 masas de auga subterránea cun potencial moi variable. En xeral, estes recursos son bastante modestos en comparación cos dos encoros, pero a información dispoñible no día de hoxe é reducida, o que fai necesario obter unha imaxe realista da dispoñibilidade actual e do seguimento da súa evolución.

Por iso, a Xunta, a través do organismo hidráulico Augas de Galicia, decidiu impulsar unha estratexia específica, que se baseará en tres piares: mellorar a caracterización e a delimitación das masas de auga baixo terra, modernizar e ampliar a rede de seguimento actual na demarcación que xestiona; e planificar o posible uso estratéxico destes recursos a través dun traballo de zonificación previo.

### **Plan de traballo 2025-2028**

Entre as principais medidas previstas no plan de traballo, cómpre subliñar o despregamento e a posta en marcha na conca de Galicia-Costa da nova Rede dixital de piezometría, que grazas a 33 puntos de control e cun investimento de 400.000 euros —cofinanciados con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia— permitirá facer mediacións en tempo real dos niveis, temperatura e condutividade das augas subterráneas delimitadas na demarcación. Esta medida será clave, xa que a rede de control actual é reducida e pouco representativa.

Ademais, tamén se abrirá unha liña de colaboración entre Augas de Galicia e as universidades para elaborar un mapa de acuíferos con potencial para o seu uso en abastecemento, un traballo que permitirá identificar áreas viables para facer extraccións sustentables de augas subterráneas; e estase a traballar na mellora da caracterización e da delimitación das masas de auga subterráneas existentes para poder dispoñer de datos e información real e precisa sobre os recursos dispoñibles.

Estas tres medidas comezarán a impulsarse neste mesmo ano 2025 e, de feito, no caso da caracterización, os traballos xa se están executando a día de hoxe grazas a un contrato de apoio técnico co Instituto Xeolóxico e Mineiro Nacional.

Así mesmo e máis medio prazo, nos próximos dous anos está previsto que se empecen a desenvolver os primeiros proxectos piloto para verificar a viabilidade de facer novas captacións baixo terra, ademais de estudos hidroxeolóxicos de detalle para avaliar a resposta dos acuíferos ante situacións de seca prolongada.

Finalmente, o plan de traballo de Augas de Galicia para reforzar o coñecemento e o posible uso das augas baixo terra para abastecemento prevé que no ano 2028 se poida publicar a versión final do mapa de potencial hídrico subterráneo de Galicia-Costa, que se integrará pola súa vez no próximo Plan hidrolóxico 2028-2033 da demarcación, co fin de garantir unha xestión integrada, coordinada e sustentable tanto das augas superficiais como das subterráneas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **O GOBERNO GALEGO REXEITA A ASUNCIÓN DE PARTE DA DÉBEDA AUTONÓMICA POLO ESTADO PORQUE NON MELLORA A SOLVENCIA NIN A CAPACIDADE DE GASTO DAS CC.AA.**

- A proposta do Goberno central non reforzaría a sostibilidade financeira das Comunidades Autónomas
- A Xunta reitera que Galicia non ten un problema de débeda, senón de financiamento autonómico, polo que insiste na necesidade de actualizar o sistema

O Goberno galego rexeita a medida da asunción de parte da débeda autonómica polo Estado recollida no Anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sostibilidade financeira para as CC.AA. de réxime común. É a conclusión á que se chega nun informe sobre as alegacións da Comunidade galega ante o trámite de audiencia do devandito anteproxecto presentado hoxe no Consello da Xunta, no que se argumenta que os criterios utilizados polo Goberno central para defender a mal chamada condonación non son válidos, xa que non mellora a solvencia nin a capacidade de gasto das Comunidades Autónomas.

Unha vez analizado o texto do Anteproxecto aprobado o pasado 2 de setembro polo Consejo de Ministros, o Goberno galego denuncia, unha vez máis, que esta decisión se tomara sen contar coa participación das Comunidades autónomas, levando ao Consejo de Política Fiscal y Financiera unha proposta decidida de antemán.

Segundo recorda o texto, a proposta altera de forma arbitraria e discrecional a situación financeira das comunidades, sen resolver o problema estrutural de financiamento que presentan desde hai anos. De feito, o método de cálculo de minoración da débeda empregado no Anteproxecto aplica tramos e criterios arbitrarios en lugar de aplicar criterios técnicos, como o de habitante axustado.

A asunción de parte da débeda non se podería traducir nun incremento efectivo da capacidade de gasto das comunidades, xa que o anteproxecto recolle o principio de neutralidade a efectos do cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública e regra de gasto. É dicir, estes recursos non se poderán aplicar a novas políticas públicas, investimentos ou mellora dos servizos esenciais.

Ademais, podería ter un impacto negativo no custo de financiamento do Tesouro e, por tanto, das comunidades que se financian nos mercados de capitais. Non garante que as CC.AA. beneficiadas poidan volver aos mercados, pon en risco a valoración crediticia do Estado español e contradí as boas praxes incentivando o incumprimento das regras fiscais e a xestión irresponsable dos recursos públicos.

No caso de Galicia, o conxunto da cidadanía pasaría a asumir débeda xerada en maior parte por outras comunidades, tendo en conta que a Comunidade galega é unha das que ten menor nivel de endebedamento. Tería que asumir uns 600 millóns de euros de débeda cos seus correspondentes intereses.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O texto reitera a necesidade de que se aborde o verdadeiro problema para a sustentabilidade financeira das CC.AA. que é a reforma do sistema de financiamento autonómico.

### **Reforma do SAF**

O informe conclúe que a medida da asunción de parte da débeda autonómica por parte do Estado non vai servir para acadar o obxectivo para o que o anteproxecto foi creado, que é reforzar a sostibilidade financeira das comunidades autónomas.

O Goberno galego reitera que o prioritario para Galicia é negociar un modelo autonómico de financiamento (SAF) que teña en conta aquelas variables que determinan que o custe de prestar os servizos na Comunidade galega é superior que noutros territorios.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA TEN ADXUDICADO XA MÁIS DE 1.400 M€ QUE REPRESENTAN O 86 % DO INGRESADO DE FONDOS MRR**

- O conselleiro de Facenda e Administración Pública presentou ao Consello do Goberno galego o informe de execución do MRR correspondente ao terceiro trimestre de 2025
- Máis de 47.500 persoas físicas, máis de 8.000 autónomos e máis de 6.000 entidades e sociedades estanse a beneficiar destes fondos

A Xunta de Galicia acada os 1.402 millóns de euros adxudicados dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia que lle foron asignados, o cal representa o 92 % do importe publicado en convocatorias e licitacións e o 86 % do ingresado. Así se reflicte no informe que o conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos, presentou ao Consello do Goberno galego referido á execución do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia correspondente ao terceiro trimestre de 2025.

Segundo explicou Miguel Corgos no Consello, os ingresos recibidos que a Xunta ten á disposición para a execución do MRR ascenden a 1.635 M€, en ámbitos como a transición verde e a transformación dixital, a industria, o comercio e o turismo, a protección social e a educación ou a ciencia e a saúde. O conselleiro de Facenda e Administración Pública subliñou o avance na execución que os distintos órganos xestores da Xunta de Galicia están a conseguir.

O informe presentado repasa tamén o estado de execución dos Proxectos Estratéxicos para a Recuperación e Transformación Económica, que son deseñados, planificados e xestionados polo Goberno do Estado. Existen, na actualidade, 12 PERTEs aprobados con financiamento de fondos MRR, que contan cun orzamento total de máis de 41.000 M€, pero só se adxudicaron ata o de agora 19.636 M€ (48%), porcentaxe que contrasta cos datos de execución acadados pola Xunta de Galicia.

A dotación dos PERTEs supón o 25 % dos recursos totais do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, incluíndo os recursos adicionais da addenda de 2023. Porén, a participación de Galicia nas adxudicacións dos PERTEs é do 5,5 % do asignado en toda España (1.081 M€).

Canto ao impacto da execución da Xunta de Galicia a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia na sociedade galega, ata finais do segundo trimestre de 2025, máis de 47.500 persoas físicas, máis de 8.000 autónomos e máis de 6.000 entidades e sociedades estanse a beneficiar dos fondos xestionados polo Goberno galego.

O conselleiro de Facenda e Administración Pública recordou que o prazo de execución dos fondos MRR finaliza no ano 2026, polo que fixo fincapé na importancia de continuar na senda de execución co obxectivo de garantir unha óptima absorción dos fondos que ten a disposición a Xunta de Galicia.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACORDA A INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROXECTO DA SENDA DA GUARDA ATA CAMPOSANCOS

- A actuación de mellora da seguridade viaria suporá un investimento de máis de 1,3M€ e permitirá habilitar un itinerario peonil e ciclista continuo aproveitando a traza da PO-352 que circunvala o Monte de Santa Tegra
- Trátase de executar unha senda paralela á PO-352, entre os quilómetros 1+910 e 4+040 e 5+210 e 5+950, para o acceso da poboación que vive na súa traza ao centro da Guarda, ao cemiterio ou a establecementos industriais da zona
- A Xunta someterá nos vindeiros días a información pública o proxecto, co obxectivo de poder aprobalo e licitar a execución das obra no primeiro semestre do 2026
- O Goberno galego segue a traballar en actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada, mellorando e favorecendo nos municipios unha mobilidade máis cómoda e segura

O Consello da Xunta acordou hoxe someter a información pública o proxecto para construír unha senda na estrada autonómica PO-352, que comunica o núcleo urbano da Guarda con Camposancos, cuxa execución suporá un investimento estimado de máis de 1,3 M€.

Trátase de mellorar a seguridade viaria e habilitar unha senda, que discorrerá aproveitando o trazado desta estrada autonómica, entre os puntos quilométricos 1+910 e 4+040 e 5+210 e 5+950, no concello da Guarda.

O tráfico rodado no tramo do proxecto trátase, na súa maior parte, dun tipo de tráfico local, xa que esta estrada circunvala o Monte de Santa Tegra, discorrendo entre este e a zona costeira, configurando un itinerario cun alto valor paisaxístico e cultural.

Actualmente a estrada, no tramo de actuación, ten un ancho que varía entre os 5 metros aproximadamente no tramo inicial, e os 7 metros aproximadamente no tramo final. Non existen, en xeral, zonas destinadas ao tránsito peonil, agás na zona urbana existente entre os dous tramos de actuación, na que hai beirarrúas; polo que se considera necesario configurar un itinerario peonil e ciclista continuo e seguro, que conecte coas beirarrúas existentes e que permitirá acceder á poboación que vive na súa traza ao núcleo urbano da Guarda, ao cemiterio ou a un importante establecemento industrial existente na zona.

#### **O proxecto**

En concreto, propónse habilitar unha senda paralela á estrada PO-352, que se executará en dous treitos, entre o quilómetro 1+910 e 4+040 e o quilómetro 5+210 e 5+950.

O departamento de Infraestruturas da Xunta propón realizar a nova senda á mesma cota da PO-352, de maneira que no se afecte a drenaxe actual da estrada. Por outra parte, con vistas a evitar condicionar futuras ampliacións desta vía, prevese separar a senda da estrada, creando unha berma intermedia que permita futuras ampliacións.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así, a senda proposta contará cunha sección tipo de 2 metros de ancho, aínda que nalgún punto é preciso reducir esta dimensión para respectar algunha edificación ás edificación pola existencia dalgún obstáculo (edificacións), e será de formigón coloreado en cor "terrizo".

Ademais, para a execución deste itinerario, será preciso ampliar a plataforma de traballo, para o que se realizarán once muros de contención de terras cunha altura máxima de 2 metros. No proxecto inclúense tamén as obras de drenaxe necesarias, así como a execución de 365 m de cunetas de seguridade.

As actuacións nas redes de servizos consistirán na execución de canalizacións baixo as sendas para o futuro soterramento das liñas aéreas e en recuamentos de postes e de cinco puntos de luz que ven afectados polo trazado da senda.

A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas prevé someter nos vindeiros días este proxecto a información pública, para efectos da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, e para efectos expropiatorios, por un prazo de 1 mes. Nesta intervención é necesario a expropiación de 7 predios.

A previsión é poder aprobar o proxecto e licitar a execución das obras no primeiro semestre do 2026.

O Goberno galego segue a traballar en actuacións que favorecen unha Galicia mellor conectada, mellorando e favorecendo nos municipios unha mobilidade máis sustentable, cómoda e segura.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NUN PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PARA A VIXILANCIA DO CONSUMO DE DROGAS A TRAVÉS DAS AUGAS RESIDUAIS**

- Empregaranse os datos de cinco depuradoras galegas para medir o consumo de cocaína, cannabis, fentanilo e outras drogas
- Calvo salienta que esta análise permitirá avaliar patróns de consumo en tempo real e detectar a entrada de novas substancias emerxentes
- Realizaranse dúas campañas de recollida de mostras e posterior análise

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, anunciou hoxe que a Xunta "vai poñer en marcha un proxecto pioneiro para detectar o consumo de drogas a través da análise das augas residuais da comunidade". O obxectivo é reforzar a estratexia de prevención de adiccións e detectar canto antes novos patróns de consumo para "actuar a nivel de saúde pública".

O proxecto levarase a cabo mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, Augas de Galicia –dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático– e a USC e contará cun orzamento de 50.000 euros. A análise de augas residuais é un instrumento innovador, xa empregado a nivel europeo, e que achega información complementaria e anónima, cubrindo amplas poboacións. Ademais, é unha ferramenta anónima, obxectiva e que ofrece resultados rápidos que complementan outros indicadores epidemiolóxicos.

Tal e como explicou o conselleiro, este análise non só "ofrecerá datos sobre o consumo de certas substancias en tempo real" senón que "permitirá detectar a entrada de novas drogas emerxentes" na comunidade. A aparición constante de novas substancias psicoactivas e a ameaza dos opioides sintéticos como o fentanilo, de alta potencia e gran risco adictivo, obrigan a mellorar os sistemas de detección temperá.

Para o desenvolvemento das actividades, realizaranse dúas campañas de recollida de mostras e posterior análise durante dúas semanas ao ano en cinco estacións depuradoras de augas residuais – Tui, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago–, nas que se medirá a presenza de cocaína, cannabis, fentanilo e outras drogas.

O organismo Augas de Galicia cooperará co persoal investigador na recollida de mostras nenas estacións depuradoras, pertencentes á súa rede.

A Universidade de Santiago proporcionará o espazo físico e os medios materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades de investigación, ademais de achegar os profesionais cualificados e especializados. Así, os investigadores da USC aplicarán técnicas avanzadas de cromatografía e espectrometría de masas para analizar drogas en augas residuais.